

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE NOVEMBRO DE 2018 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓN S E AS CONTÍAS QUE PERCIBIRÁ O PERSOAL ALLEO QUE FORME PARTE DO COMITÉ ASESOR EXTERNO DO CITIC

O Regulamento do Centro de Investigación en Tecnoloxías da información e das Comunicacóns (en diante CITIC), aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de A Coruña (en diante UDC), en sesión do 29/5/2018, establece que o Comité Asesor Externo do CITIC estará integrado por un máximo de nove investigadoras e investigadores de recoñecido prestixio de fóra da UDC no eido das tecnoloxías da información e das comunicacións. Estes investigadores alleos serán nomeados polo Reitor, conforme co establecido no antedito Regulamento.

De acordo co exposto polo Director do CITIC, os membros deste Comité, entre outras funcións, deberán avaliar a actividade do centro cunha periodicidade mínima dunha vez ao ano.

Esta Resolución ten por obxecto fixar as contías e condicións das indemnizacións dos membros deste Comité pola avaliación anual do centro e pola asistencia á/s sesión/s do Comité avaliador.

En vista do que antecede e de conformidade co que dispón o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña,

RESOLVO:

1. Que o importe que percibirá cada membro alleo do Comité Asesor Externo do CITIC (en diante o Comité) polos traballos de avaliación do centro, ascenderá, como máximo a 500 euros/persoa. Nesta contía inclúense tanto os traballos previos relacionados coa valoración do centro, que rematarán co informe de avaliación como a asistencia á/s sesión/s que corresponda/n con esta finalidade. A esta contía aplicaráselle a retención que corresponda en concepto de IRPF. Para os membros estranxeiros do Comité que entreguen certificación de residencia fiscal no seu país de orixe, vinculado ao convenio de dobre imposición, no se lles aplicará retención en concepto de IRPF.
2. Caso de ser necesario emitir mais dun informe de avaliación anual, a compensación dos gastos efectuarase conforme ao establecido no apartado anterior. Neste caso, o Director do CITIC e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia deberán autorizar previamente e xustificar a necesidade da emisión de novos informes de avaliación.
3. A contía establecida no apartado 1 é compatible coa percepción dos importes que lles correspondan aos membros do Comité en concepto de indemnizacións por razón de servizo, por asistir ás sesións presenciais que realice o Comité. O importe destas indemnizacións adecuarase aos importes e ás condicións que estableza a normativa reguladora nesta materia na UDC e a normativa xeral de aplicación (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, DOG do 25/6/2001 e RD 462/2002, do 24 de maio, BOE 30/5/2002).

4. Os membros do Comité serán nomeados polo Reitor e exercerán a súas funcións no período e condicións que establece o artigo 8 do Regulamento do CITIC.
5. Os integrantes do Comité deberán informar do seu nomeamento nas entidades en que desenvolvan o seu traballo e, de ser o caso, tramitarán pola súa conta as autorizacións necesarias para realizar os traballos para os que foron nomeados, de acordo coas condicións e os importes recollidos nesta resolución.
6. Os expedientes de gasto derivados desta RR se imputarán á orgánica 6140 0508, á funcional 541A e á económica que corresponda en función da natureza do gasto.
7. Deberase incorporar, ao/s expediente/s de gasto que se tramiten, "fago constar" emitido pola persoa que actúe como secretario/a do Comité, coa conformidade do seu presidente/a, para verificar a asistencia a/s sesión/s e a realización dos traballos que correspondan.
8. O Director do CITIC autorizará a tramitación dos expedientes de gasto obxecto desta Resolución.
9. O Director do CITIC e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia acreditarán ter recibido de conformidade o informe de avaliación do centro emitido polo Comité. Esta xustificación unirase ao expediente de gasto para o pagamento da contía establecida no apartado 1 desta Resolución.
9. No ámbito das súas competencias, a Xerencia e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e execución desta Resolución.

Esta Resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC.

A presente resolución entrará en vigor o día da publicación no TEO da UDC.

A Coruña, 26 de novembro de 2018

O reitor



Julio E. Abalde Alonso